

A limpeza étnica como modificador do reparto xeográfico da poboación. O caso da ex-Iugoslavia (1991-1999)

MICHEL ROUX

Université de Toulouse-Le Mirail

RESUMO

Este artigo presenta os tres maiores episodios de limpeza étnica sucedidos logo da crise final da ex-Iugoslavia e o seu contexto xeopolítico, subliña a dificultade de delimitar tódolos aspectos, e prevé cal será o seu impacto sobre a poboación dos territorios concernidos: número de habitantes, composición étnica, natalidade, mortalidade, estrutura por idades, repartición entre cidades e rural, perspectivas migratorias. Os exemplos foron tomados en Croacia, Bosnia Hercegovina e o Kosovo.

Palabras clave: limpeza étnica, xeografía da poboación, ex-Iugoslavia.

ABSTRACT

This paper presents the three major episodes of ethnic cleansing which occurred during the final crisis of former Yugoslavia and their geopolitical context, emphasized how difficult it is to take all its aspects into account, then deals with its effects on the population of the affected territories: number of inhabitants, ethnic structure, birth-rate, mortality, age structure, distribution of population between towns and surrounding country, migratory perspectives. The examples are taken in Croatia, Bosnia-Herzegovina and Kosovo.

Keywords: ethnic cleansing, population geography, former Yugoslavia.

A expresión limpeza étnica e as súas equivalentes, depuración étnica ou purificación étnica, apareceron nos medios de comunicación do mundo enteiro durante o verán de 1992, cando os xornalistas foron testemuñas das expulsións masivas de poboación e descubriron campos de concentración en Bosnia. Estas expresións impuxéronse inmedia-

tamente, mesmo na linguaxe política¹ e na produción científica². Malia todo, a práctica que designan é moi anterior, e xa se viña empregando dende había preto dun ano na Croacia veciña. Particularmente frecuente na Europa do Sur-leste nos séculos XIX e XX, está ligada á construción dos Estados Nación. Cada unha das nacións que edificou o seu Estado nesta parte de Europa, desenvolveu unha ideoloxía exclusivista ligada a unha falla de confianza nas minorías, sospeitosas de separatismo. Por ende, o contexto era conflitivo, posto que as ambicións de cada nación creaban unha competencia para o control de certos territorios cunha poboación frecuentemente composta. Nestas condicións, o feito de expulsar ás minorías semellou ser, ás veces, a solución máis eficaz para garantirlle á nación dominante o control exclusivo do seu territorio e a seguridade da que cría carecer. Como estado plurinacional, Iugoslavia mostrou moitas veces dificultades para xerar o equilibrio entre os seus compoñentes, fracasando finalmente. Logo das guerras dos anos 90, os investigadores interesados na limpeza étnica tentaron, sobre todo, de comprender as lóxicas políticas e atopar nos imaxinarios nacionais as raíces culturais desta práctica, o que demostra un enfoque pluridisciplinar que liga ciencia política, historia, psicoloxía et socioloxía. Retrocedendo aínda máis, pódese inscribir a limpeza étnica como proceso de despoboamento – repoboamento, no contexto das dinámicas demográficas xerais dos territorios aos que atinxe, co fin de tentar avaliar en que medida os modifica. Este segundo enfoque ten que ver, máis ben, coa xeografía das poboacións. O presente texto ocuparase especialmente desta última, unha vez situada a limpeza étnica no contexto da crise final e da descomposición de Iugoslavia.

1. A PRÁCTICA DA LIMPEZA ÉTNICA LOGO DA DESCOMPOSICIÓN DE IUGOSLAVIA (1991-1999)

Kozarac, pequena vila do noroeste de Bosnia, abril de 1992. Unha mañá, os bosníacos³, maioritarios nesta vila, ven como os seus veciños serbios deixan os seus domicilios con equipaxes lixeiras e soben aos autobuses que os viñeron buscar. Dous días despois, unha unidade paramilitar serbia bombardea a vila que os bosníacos armados con simples fusís tentan defender en van, mentres a meirande parte da poboación refúxiase nos bosques da montaña veciña. Logo de dous días, os serbios son donos de Kozarac, cuxos

1 A expresión “depuración étnica” emprégase na resolución 771 do Consello de Seguridade da ONU, do 13 de agosto de 1992.

2 Unha obra extraída dunha tese de ciencias da linguaxe mostra como estas expresións se impuxeron na lingua francesa: Alice Krieg-Planque, “*Purification ethnique*”. *Une formule et son histoire*, París, CNRS Editions, 2003, 528 pp.

3 Ao longo do texto, o termo “bosníacos” designa aos musulmáns de lingua serbocroata, que a Iugoslavia de Tito convertera en nación baixo o nome de Musulmáns (en maiúsculo), mentres que o termo “bosnios” designa a tódolos habitantes de Bosnia (bosníacos, serbios, croatas e outros). Esta distinción correspóndese á que existe na súa lingua entre os bosnios (Bosanci, singular Bosanac) e os bosníacos (Bosnjaci, singular Bosnjak).

habitantes, atrecidos e famentos, saen do bosque e réndense. Os paramilitares serbios executan aos notables, posto que estes saben empregar as armas. Ao mesmo tempo, pechan aos homes en idade de combater na fábrica, Keraterm, transformada en lugar de detención, saquean os bens das súas vítimas, violan e expulsan ás mulleres, nenos e vellos cara ao territorio controlado polos bosníacos. Os homes serán liberados uns meses máis tarde, e evacuados gracias á mediación da ONU –excepto os que foran asasinados durante as detencións.

Cal é o contexto deste acontecemento? Mentres que Eslovenia e Croacia xa levaran a cabo a secesión de Iugoslavia, Bosnia organizara, a petición da Comunidade Europea, un referendo relativo á cuestión da independencia, para confirmar o voto do seu Parlamento (outubro de 1991), sendo o resultado deste favorable. Os electores bosníacos e croatas bosnios votaran pola independencia; os electores serbios bosnios, minoritarios, non participaron da votación. Unha vez que a Comunidades Europea reconeceu a independencia de Bosnia Hercegovina o 6 de abril, e os Estados Unidos o 7, os serbios de Bosnia proclamaron inmediatamente a independencia da Republika Srpska⁴, formada por rexións autónomas autoproclamadas que xa tiñan constituídas. A súa lóxica consistía en establecer unha continuidade espacial entre estes territorios, e unilos a Serbia e Montenegro quen, ao mesmo tempo, fundaban conxuntamente unha nova Iugoslavia. Para iso, tiñan que conquistar certas partes de Bosnia Hercegovina poboadas, na súa meirande parte, por bosníacos ou croatas. Co apoio do exército federal iugoslavo exercían unha superioridade en materia de armamento, o que lles permitiu controlar, a finais do verán de 1992, preto do 70% do territorio bosníaco. Esta empresa debíalle permitir tamén aos insurxidos serbios de Croacia, que no outono de 1991 chegaran a ser donos dun cuarto do territorio croata e fundaran a República de Krajina, acadar unha continuidade territorial con esta Iugoslavia, á que tamén desexaban unirse. Deste xeito, os serbios semellaban ter acadados os seus obxectivos e certos analistas concluían que a guerra de conquista chegara practicamente ao seu fin (Tertsch, 1992).

O exemplo de Kozarac mostra que a limpeza étnica non representa, no fundamento, a expresión dunha violencia cega, senón que é un método elaborado de homoxeneización nacional forzada dun territorio, asociado a un proxecto político. Os lugares atacados son, polo xeral, escollidos en función da súa importancia estratéxica. Os asaltadores están normalmente provistos de listas de persoas a eliminar con prioridade e, polo xeral, non pertencen nin ao exército regular nin á policía, senón máis ben, a organizacións paramilitares que os gobernos en cuestión din non controlar. Ás veces, a través de diferentes medios, esfórzanse mesmo por darlle ás prácticas violentas unha aparencia legal. Deste xeito, os expulsados tiveron que asinar declaracións de renuncia aos seus bens, ou recibiron avisos de despido por se ausentar dos seus traballos “sen razón válida”, o mesmo día no que a

4 Republika Srpska, habitualmente traducida por República Serbia, significa en realidade República de Serbia. De feito, en serbocroata hai dous sufixos para formar nomes de países a partir dos nomes dos pobos, dando como resultado, por unha banda, nomes como Srbija (Serbia no sentido clásico do termo), Italija, Albanija, e por outra banda nomes como Srpska, Bugarska, etc.

súa cidade era atacada. Estes actos de violencia son o resultado dunha marcha psicolóxica que transformou ao veciño en inimigo. Tradicionalmente e, polo xeral, as diferentes comunidades dos Balcáns mantiñan boas relacións, ás veces desembocando en obrigas mutuas, como por exemplo en Bosnia, onde existía entre os musulmáns e os cristiáns unha serie de costumes de axuda mutua, convidas recíprocas a vodas ou cerimoniais relixiosas. Este tipo de relacións chamábase *komsiluk*, termo de orixe turca que significa veciñanza (Bougarel, 1996, capítulo III). Mais nos séculos XIX e XX deu unha torna coa ascensión dos nacionalismos, fonte de varios episodios de enfrontamentos, especialmente logo das guerras balcánicas (1912-1913) e da Segunda Guerra Mundial.

Estes episodios deixaron malos records, explotados por cada un dos partidos nacionalistas a partir de 1990, mediante discursos alarmistas e multiplicando as provocacións co fin de suscitar o medo e de rodearse da súa propia comunidade. Pero, de feito, a degradación das relacións entre nacións comezárase a manifestar en Iugoslavia en 1981, un ano despois da morte de Tito. Aquel ano, debido ao seu excesivo endebedamento, o país pasou dun período de crecemento rápido a un período de estancamento. O paro creceu rapidamente, mentres que os mercados de man de obra da Europa occidental estaban pechados. Ao mesmo tempo, os albaneses do Kosovo organizaron manifestacións para reclamar que a súa rexión, co estatuto de provincia autónoma no marco de Serbia, se convertese na sétima república iugoslava. As autoridades serbias e federais interpretaron isto como un preludio á secesión e a súa resposta foi puramente represiva. Dende ese momento, as relacións entre os albaneses maioritarios e os serbios minoritarios do Kosovo, que xa eran distantes, degradáronse aínda máis. A emigración dos serbios desta rexión, en forte medida debido á falla de empregos, denunciouse como o resultado das presións albanesas. A ausencia de solución a estes problemas foi a que permitiu a Slobodan Milosevic acceder ao poder en Serbia, en 1987. Aínda que comunista, apoiouse no nacionalismo serbio, modificando a Constitución para suprimir a autonomía do Kosovo (1989) e favorecer a adopción de leis de excepción, que permitiron intensificar a represión e despedir en masa aos albaneses empregados no sector público. Esta política autoritaria desacougou ás demais repúblicas iugoslavas, quen temeron o retorno do “hexemonismo serbio” da época do Reino de Iugoslavia, posto que Milosevic controlaba xa catro das oito compoñentes da Federación⁵.

Trala caída do Muro de Berlín, os comunistas iugoslavos, ao igual cos dos demais países de Leste, autorizaron a pluralidade de partidos políticos e convocaron, en 1990, unhas eleccións libres. En Eslovenia, Croacia e Bosnia perderon estas eleccións, en beneficio dos novos partidos de electorado mononacional. Pero gañáronas en Serbia (baixo o novo nome de partido socialista), posto que Milosevic collera ao seu cargo os intereses do nacionalismo serbio. Dende ese momento enfrontáronse dúas concepcións relativas ao futuro de Iugoslavia. Os eslovenos e os croatas querían conformar unha confederación de

5 O poder federal iugoslavo estaba constituído por representantes das seis repúblicas e das dúas provincias autónomas. Milosevic controlaba aos representantes de Serbia, Montenegro, Voivodina e Kosovo.

Estados independentes, mentres que os serbios querían volver a centralizar a federación que xa existía. Falla dun acordo, Eslovenia e Croacia declaráronse independentes en xuño de 1991, seguidas, un pouco máis tarde, por Macedonia e Bosnia Hercegovina, mentres que Serbia e Montenegro constituían unha Iugoslavia residual. A comunidade internacional, que recoñecía os novos Estados pero que durante moito tempo foi incapaz de rematar coas violencias, deixou o campo libre para as prácticas de limpeza étnica brutalmente impostas nos tres terreos.

2. OS TRES TERREOS E AS VARIANTES DA LIMPEZA ÉTNICA

1. En Croacia, os serbios non representaban máis do 12% da poboación segundo o censo de marzo de 1991. Pero representaban a maioría nunha rexión rural e montañosa que limitaba coa fronteira de Bosnia. No século XVI Croacia pertencía ao Imperio Austríaco e os ataques otománs, lanzados dende a Bosnia veciña, despoboaran as súas rexións fronteirizas. Austria repoboáraas nos séculos XVII e XVIII, implantando sobre todo refuxiados serbios providos do Imperio otomán, concedéndolles terras a cambio dun servizo militar de vixilancia da fronteira. Esta rexión era, por aquel entón, un compoñente dos Confíns militares do Imperio Austríaco, nomeados en alemán *Militärgrenze*, en serbio ou croata *Vojna Krajina*, ou sinxelamente *Krajina*, nome conservado trala supresión do réxime militar (1881). Os habitantes desta rexión gardaron unha forte identidade nacional serbia e unha tradición guerreira, e moitos deles seguíanse a alistar no exército ou na policía. A rápida evolución de Croacia cara á independencia, en 1990-1991, preocupounos, especialmente, porque ía acompañada dun discurso nacionalista agresivo dende a chegada ao poder de Franjo Tudjman e do seu partido, o HDZ (Comunidade Democrática Croata). Ademais, a nova Constitución de Croacia reducía aos serbios ao estatuto de minoría, e os medios de comunicación de Serbia difundían comentarios alarmistas. Neste contexto, os nacionalistas serbios de Croacia, apoiados por Belgrado e o exército federal, tomaron o control de Krajina, fixeron dela unha rexión autónoma e unha república independente, que aggrandaron mediante as súas ofensivas periféricas e botaron aos croatas⁶. A reconquista por parte das forzas croatas, no verán de 1995, permitiu o regreso destes, e provocou a saída masiva de serbios cara a Serbia ou á República serbia de Bosnia. Porén, os acordos internacionais fixeron posible o retorno dos serbios.

2. En Bosnia Hercegovina a limpeza étnica, cuxo contexto político xa foi evocado, aproveitoulle contrariamente máis a quen a desencadeou. Os serbios botaron dos territorios conquistados aos bosníacos e aos croatas, e estes botaron aos serbios dos territorios que

6 Os serbios de Croacia convertéranse tamén nos anos do Leste do país, a rexión de Vukovar, onde constituían, ao principio, una forte minoría, e a incluían na súa república de Trajina.

lograron conservar. A finais de 1992, a liña fronteiriza estabilizouse, mais bosníacos e croatas comezaron a loitar, dando lugar a novos episodios de limpeza étnica, aínda que menos importantes, e resultando na división en dúas partes da cidade de Mostar. En 1994 os Estados Unidos impuxéronlles a bosníacos e croatas a sinatura dun novo acordo entre os dous. Durante o verán de 1995, os serbios comezaron a perder terreo e os bombardeos da OTAN obrigáronos a aceptar as negociacións. O acordo de Dayton, de novembro de 1995, creou dúas entidades, cuxo límite correspóndese, na meirande parte dos casos, co antigo trazado da liña fronteiriza, é dicir, a Republika Srpska e a Federación de Bosnia Hercegovina, chamada con frecuencia polos medios Federación Croata-musulmá. Este acordo preveu, igualmente, o retorno das persoas expulsadas dunha banda e doutra, mais os retornos de minorías foron menos importantes do que indicaron os informes do ACR, posto que moitos destes retornos foron provisionais. En moitos casos tentaban recuperar os seus bens para vendelos antes de partir de novo cara á cidade ou ao estranxeiro. En resumo, os nacionalistas serbios de Bosnia, mesmo se non se puideron incorporar a Serbia, obtiveron unha parte do que desexaban, é dicir, unha entidade política autónoma no territorio onde son maioritarios. No que concirne aos bosníacos e croatas, dispuxeron dunha única entidade, aínda que dividida en cantóns, cada un deles controlado por un dos dous pobos.

3. No Kosovo, os albaneses, sometidos a principios dos anos 90 a unha política de apartheid (despedimentos masivos, exclusión dos seus fillos e mestres da escola pública), reaccionaron a través dunha resistencia non violenta. Esta consistiu na votación en referendo pola independencia, na organización dun goberno, dun sistema escolar e dun sistema de sanidade paralelos, e todo isto, baixo a dirección da Liga Democrática do Kosovo (LDK) e do seu presidente Ibrahim Rugova. Se os dirixentes albaneses do Kosovo rexeitaron a violencia (mesmo se Croacia, logo de encontros secretos, os incitara en 1991 a desencadear a insurrección), foi porque estimaron que non tiñan os medios necesarios para vencer ás forzas serbias, porque temían que o réxime de Milosevic infrinxise sobre o seu pobo unha limpeza étnica masiva e porque agardaban que a comunidade internacional os apoiaría se permanecían pacíficos nun contexto de violencia xeneralizado.

Agora ben, no outono de 1995, Milosevic aceptou representar aos serbios de Bosnia nas negociacións de Dayton, e as potencias consentiron tacitamente non abordar a cuestión do Kosovo. Dende ese momento, os albaneses comprenderon que a súa estratexia fracasara, dando lugar á aparición dunha corrente política radical, que consistiu en activar o Exército de Liberación do Kosovo (UÇK), recrutando sobre o terreo e na diáspora; importar clandestinamente armas a través de Albania do Norte (ante o cal o goberno de Tirana fixo a vista gorda); cometer os primeiros atentados, e formar unha “zona liberada” en Drenica, no centro do Kosovo. En marzo de 1998 comezou unha verdadeira guerra entre o UÇK e as forzas armadas serbias. Estas últimas saíron vitoriosas no outono, pero un grande número de albaneses foi expulsado dos seus fogares e as potencias occidentais, alarmadas, impuxeron, baixo ameaza de bombardeos da OTAN, o despregue dunha

misión de observadores civís da OSCE. Esta misión non puido impedir o rexurdir dos combates durante o inverno. Logo da Conferencia de Rambouillet (marzo de 1999), as potencias tentaron impoñer o despregue dunha forza armada da OTAN no Kosovo, co conseguinte rexeitamento por parte do réxime de Milosevic. Comezaron entón os bombardeos da OTAN sobre todo o conxunto de Serbia e Montenegro, mentres que Belgrado respondeu cunha limpeza étnica masiva no Kosovo. En total, preto dun millón de albaneses foron expulsados, Belgrado capitulou (xuño 1999), e os serbios do Kosovo, agredidos polo UÇK ou vítimas da vinganza de civís albaneses, convertéronse, inmediatamente, en vítimas da mesma lacra. As perspectivas de retorno, para estes últimos, foron moito máis incertas.

Ao describir estes tres episodios constátase que a limpeza étnica presenta varias variantes, podendo conducir a unha tipoloxía. Esta opón, por unha banda, a limpeza sinxela (un único episodio) á limpeza dobre ou múltiple e, por outra banda, a limpeza provisional á limpeza definitiva. No caso máis sinxelo, unha poboación, maioritaria ou minoritaria no territorio en cuestión, é expulsada e o vencedor da guerra, ou o poder emprazado se non hai guerra *stricto sensu*, substitúea nunha proporción variable a través de representantes da nación que pretende favorecer, nunha situación que parece definitiva. Este caso repetiuse moitas veces, como por exemplo, na expulsión dos albaneses da rexión de Nis, logo que o Congreso de Berlín (1878) lle concedera a Serbia este territorio, anteriormente otomán. Pero non se reproduciu nos anos 90, no momento da descomposición de Iugoslavia, posto que as grandes potencias e a ONU impuxeron, finalmente, uns acordos que permitiron o regreso dos expulsados, en nome da xustiza e da súa fe proclamada na multietnicidade. Como acabamos de ver, atopámonos ante dous casos de limpeza étnica dobre, con regresos parciais en Croacia e o Kosovo, e un caso no que predomina a limpeza sinxela con retornos parciais, o de Bosnia. Nos dous primeiros casos, o vencedor inicial, autor da primeira limpeza, foi finalmente derrotado, e deixou de exercer o seu control sobre os territorios concernidos. No terceiro caso, tamén foi derrotado, aínda que segue a controlar unha parte.

Mais os movementos de poboación asociados á limpeza étnica son máis complexos do que suxire a presentación que vimos de facer. Deste xeito, unha parte dos croatas instalados en Krajina dende o verán de 1995, non son os que foran botados, senón os refuxiados croatas chegados de Bosnia logo de seren expulsados dos seus fogares polos serbios e, ás veces, polos bosníacos. No que concirne á segunda onda de expulsións no Kosovo, non só atinxía aos serbios, senón tamén os romaneses, acusados por numerosos albaneses de ter sido cómplices das violencias que eles mesmos sufriran. Ademais, algúns desprazamentos forzados inscritos nun lugar e nun tempo, marcados polas prácticas de limpeza étnica son algo diferentes, aínda que perseguen a mesma lóxica de procura da homoxeneidade do pobo e da continuidade territorial. Deste modo, en 1995, tralo fin dos combates, as autoridades serbias de Bosnia obrigarón a unha parte da poboación serbia de Saraxevo a se instalar en Brcko, posición estratéxica que xa “limparan” había tres anos da súa maioría bosníaca e cuxo control desexaban conservar, posto que ligaba a parte

occidental e a oriental da súa Republika Srpska. Xavier Bougarel fala ao respecto de “autolimpeza” (Bougarel, 1996, pp. 14 e 96).

Este último exemplo retoma a dificultade de distinguir exactamente o que ten que ver coa limpeza étnica, máis aló dos casos espectaculares ligados a enfrontamentos armados que contemplan explicitamente a conquista do poder nun territorio por medio da súa “purificación”. Mentres a guerra castigaba a unha parte de Croacia, algúns serbios minoritarios do restante territorio croata partiron, sensíbeis á nova hostilidade da súa veciñanza, vítimas de despedimentos, espantados polas informacións e os rumores, así como polo discurso virulento do poder establecido e a escalada dos partidos extremistas. Unha parte dos croatas da Voivodina, provincia autónoma de Serbia, fixeron o mesmo (Riols, 1992). A pequena minoría croata do Kosovo, alí establecida dende o século XIII, fixo tamén as maletas nun clima cargado (Duijzings, 2000). Os húngaros da Voivodina emigraron logo de rexeitar ir ao exército federal, ou desertaron deste exército, ao considerar que a guerra serbocroata non tiña que ver con eles. Todo isto demostra que a limpeza étnica *stricto sensu* pode contribuír á homoxeneización etnonacional das poboacións, mesmo fóra dos espazos onde ten lugar. Por outra banda, o temor inspirado polos recentes episodios tamén pode contribuír en períodos de forte tensión. Por exemplo, aínda que os enfrontamentos limitados que opuxeron aos insurxidos albaneses locais ás forzas regulares macedonias, na primavera de 2001, non obedeceron a unha lóxica de limpeza étnica dos macedonios eslavos, pouco seguros pola súa minoría, estes deixaron o oeste do país e os albaneses de macedonia abandonaron o país pola mesma razón, establecéndose, cada un deles, aí onde a súa etnia era maioritaria. Trátase, en definitiva, de migracións etnocéntricas.

Outro tipo de situación límite é cando, fóra dos períodos de guerra e das expulsións masivas e violentas, o emprego selectivo de contratos, despedimentos, violencias policiais e condenas xudiciais desemboca na emigración importante dunha etnia en particular. Isto foi o que sucedeu no Kosovo de 1990 a 1997, un fenómeno cualificado polos albaneses como de “limpeza étnica desprezable” (Jaka, 2002, p. 65), afirmando que xerou a partida de 400.000 ou mesmo 500.000 dos seus, mentres que as autoridades serbias afirmaban encargarse unicamente da defensa pola integridade territorial do seu Estado fronte a unha empresa separatista. Esta situación puido ser analizada como o preludio dun enfrontamento armado, cun alto risco de limpeza étnica masiva (Roux, 1996).

En definitiva, a crise iugoslava dos anos 90, que fixo emerxer á escada mundial a noción de limpeza étnica, fornecendo exemplos espectaculares, mostrou, do mesmo xeito, a dificultade de delimitar os contornos deste fenómeno e de revelar a súa presenza logo de ser relativamente discreta e de estar totalmente ausente da atención internacional, diplomática, asociativa e mediática. Esta dificultade confírmase mesmo nos episodios paroxísticos, como por exemplo o arquetipo seguinte: un grupo é expulsado e en parte masacrado, mentres a súas casas se chamuscan. Pero se tal grupo é evacuado por unha organización non goberamental ou polo Alto Comisariado para os Refuxiados da ONU (ACR), ou ben polos combatentes do seu propio campo durante a retirada, o adversario poderá dicir que non ten nada que ver con el (ou case nada). Os dirixentes dos partidos

en conflito, os intelectuais e os medios que os apoian ocultan constantemente a limpeza étnica como realización, ou subestímana segundo lles sexa imputada a eles ou aos seus adversarios. O investigador atópase entón, nun primeiro momento, fronte a un terreo caótico e, por momentos, inabordable; unha cacofonía de informacións, desinformacións e comentarios contraditorios; datos numéricos incertos, etc., e as súas propias limitacións fronte aos actores do drama, verdugos e vítimas. Está encamiñado a tomar en consideración, de maneira global, os fluxos de refuxiados e persoas desprazadas, e a imputar o todo á política de limpeza étnica, dende o momento no que os protagonistas buscan o medio de tomar ou retomar o control do territorio. Logo, ao longo dos anos, pódese tomar a medida aos cambios inducidos por esas migracións forzadas en materia de poboación, hábitat, relacións sociais, economía, organización espacial nun territorio concreto, cuestións, todas elas, eminentemente xeográficas. O censo dunha poboación axuda especialmente a poñer estas cuestións en marcha. Así, Croacia realizou un censo en 2001, Serbia en 2002, Montenegro en 2003. En Bosnia Hercegovina e o Kosovo aínda non se deu o caso.

3. O IMPACTO DA LIMPEZA ÉTNICA NA POBOACIÓN. ALGÚNS EXEMPLOS

Os movementos de poboación ligados á limpeza étnica na ex-Iugoslavia son de grande magnitude. En Croacia, os refuxiados e as persoas desprazadas contabilizadas polo ACR superan o millón de persoas ou, o que é o mesmo, un cuarto da poboación total, ou, sen dúbida, os dous terzos da poboación das rexións acadadas polos combates. En Bosnia, o seu número acada os 2,2 millóns de persoas, é dicir, a metade da poboación total ao principio do conflito. No Kosovo, chegouse ao 60% (preto de 1,2 millóns) sumando as dúas ondas de 1998-1999 tocando primeiro aos albaneses, e logo aos serbios e os romaneses. A grande escada, posto que se trata de territorios integramente “limpados”, pódese acadar o 100%. Deste xeito, en Croacia, aparte do departamento de Sisak-Moslavacka que foi controlado polos separatistas serbios a partir do outono de 1991, e logo foi tomado polas forzas croatas en agosto de 1995, perdéronse nos primeiros tempos, 49.791 habitantes segundo os datos oficiais, case todos croatas, é dicir, o 42% do efectivo censoado en marzo de 1991. A reconquista croata levou parella a saída de 70.648 habitantes, case todos serbios, é dicir, o 60% do mesmo efectivo (Misetić, 2002). En total 102%, pero o censo e o recuento de persoas desprazadas non seguen nin os mesmos criterios, nin teñen a mesma fiabilidade e, ademais, non se dispón de datos precisos relativos á evolución da poboación local durante o período de secesión.

No que respecta aos retornos, a mediados do ano 2000, os datos oficiais totalizaron 52.922, dos cales 30.415 da primeira onda (croata), é dicir, unha taxa de retorno do 61%, e 22.507 (32%) da segunda (serbia). Mentres que os retornos croatas comezaron nada máis rematar a reconquista, os serbios, segundo o progreso das relacións entre os dous Estados, empezaron a ser considerables a partires de 1998, cando Croacia asinou, baixo

a presión internacional, un acordo de axuda ao retorno, que implicou unha colaboración co ACR. En total, no ano 2000 non atopamos máis do 45% do efectivo de 1991, e o 54% se lle engadimos os 10.482 refuxiados croatas de Bosnia Hercegovina instalados no territorio. O censo de 2001 confirma esta caída, así como o paso dunha maioría serbia a unha maioría croata. Dende entón, o número de solicitudes de retorno que proveñen de serbios redúcese, mesmo se as relacións entre os dous Estados melloraron, o que fai pensar que a maioría dos que desexaban volver xa o fixeron.

O balance demográfico das rexións da ex-Iugoslavia acadadas pola limpeza étnica revela, entre outras cousas, e unha década máis tarde, uns cambios importantes na estrutura por idade, na natalidade, a mortalidade e o reparto entre cidades e campo. O envellecemento e o retroceso da natalidade, xa en curso anteriormente (aínda que cun grao moi diferente no Kosovo e Croacia), aceleráronse brutalmente. A primeira razón é que, de entre as persoas desprazadas ou refuxiadas, os adultos máis novos son os menos inclinados a regresar, por múltiples razóns, como por exemplo, que atopan emprego no lugar de acollida con maior frecuencia que os demais; que aceptan con maior dificultade vivir a carón dos seus adversarios de onte; que, se non pertencen á etnia detentora do poder e se teñen que atopar en situación de minoría saben que non teñen ningunha oportunidade de atopar un traballo e mesmo temen ser agredidos ou detidos, especialmente se participaron nos combates. Deste xeito, no departamento croata tomado anteriormente como exemplo, o 47% dos serbios retornados ten 60 anos ou máis, e só o 9% é menor de 20 anos. Para o conxunto de retornados, as cifras son do 38% e do 14% respectivamente. Isto axuda tamén a explicar por que a taxa de natalidade, antes en lento retroceso, pasou de 13,5‰ a véspera do conflito, a 9,5‰ tras este, e a mortalidade pasou de 12‰ a 14‰.

O declive demográfico é máis evidente no rural. Neste caso, as razóns tamén son múltiples. Por exemplo, a extensión das destrucións que tiñan por obxectivo, xustamente, o de disuadir os retornos; a presenza en certos lugares de campos de minas mal sinalizados, ou o temor de que existan; o derrubamento do modo de vida obreiro – campesiño, anteriormente moi estendido no rural da ex-Iugoslavia; a mediocridade dos servizos ou a dificultade de acceder á escola desexada cando se é minoría. A excepción que se pode observar atinxe ás zonas rurais periurbanas, situadas do redor de certas cidades vítimas, contrariamente, dunha explosión demográfica.

De feito, nas cidades é onde se concentraron os principais esforzos de reconstrución e desenvolvemento, así como os financiamentos públicos e privados que os fan posibles. O certo é que non están todas en crecemento. Así, Srebrenica, parcialmente repoboada por serbios dende 1995, vexeta trala ruína das súas antigas actividades mineiras e metalúrxicas. Pero algunhas mostran un crecemento espectacular, como é o caso de Pristina (Kosovo), cunha poboación que, segundo a opinión dalgúns, teríase duplicado a finais dos anos 90, aínda que estes datos non poden ser verificados. A cidade érguese e densifícase, os seus arredores cóbrense de construcións. Os cartos veñen, en parte, das axudas internacionais, das remesas de expatriados e, sobre todo, das novas oportunidades, como son o aluguer de casas a funcionarios internacionais a uns prezos desmesurados con respecto

ao nivel de salarios locais, ou os ingresos de tráfico diversos. A legalidade de certas iniciativas é máis que dubidosa: construcións sen permisos, invasión de dominio público, usurpación de bens privados, transaccións non rexistradas entre residentes e vítimas da derradeira “limpeza”, etc. A violencia tampouco está ausente. Por exemplo, en setembro de 2000, o arquitecto responsable do urbanismo foi asasinado por mandar destruír unhas construcións ilegais.

Outro aspecto do cambio ten que ver coa “ruralización” de cidades que perderon unha grande parte da súa poboación de antes da guerra e, en particular, as elites sociais, cuxas relacións, competencias e cartos lles conferían un carácter especialmente apto para verse ancorados aí onde os conduciran os movementos de limpeza étnica *stricto sensu*, ou a súa propia decisión de abstraerse dun contexto perigoso. Rémy Ourdan subliña, evocando a paz amarga de Saraxevo, dez anos despois do acordo de Dayton, o cambio de atmosfera e a discreta presenza de discrepancias psicolóxicas entre catro categorías de persoas: os que viviron a guerra no propio lugar, os que a viviron no campo inimigo e despois volveron, os que volveron logo de ser refuxiados no estranxeiro e, finalmente, os novos cidadáns chegados do rural (Ourdan, 2005).

Ata o de agora só se falou das rexións que foran obxecto da limpeza étnica, mais hai investigacións centradas, tamén, noutros territorios nos que a instalación de refuxiados modificou, en moito, a poboación. Deste xeito, Serbia-Montenegro (sen incluír o Kosovo), albergou ata 700.000 refuxiados, dos cales 379.000 aínda se atopaban alí no momento do censo de 2002 (Penev, 2004, p. 8). O impacto demográfico deste aporte acadou o seu máximo na Voivodina, onde a maioría serbia está consolidada, pasando do 58% (1991) ao 65%.

As disparidades rexionais no espazo da ex-Iugoslavia saen reforzadas das guerras dos anos 90. Á escada dos compoñentes desta federación, a diferenza do PIB/hab., que era de 1 a 6 entre Eslovenia e o Kosovo, pode que se duplique. As rexións vítimas da limpeza étnica son as que máis sufriron, debido tanto á inestabilidade da poboación, como ás destrucións materiais. Agora ben, estas rexións, case sempre rurais e montañosas, menos tocadas que outras polas ondas do desenvolvemento económico e cultural do século XX, xa estaban incluídas entre as máis pobres (a excepción da Croacia oriental). Moitas delas, sobre todo as rurais, teñen un saldo natural negativo (excepto o Kosovo, en medio albanés), e o saldo migratorio vólvese rapidamente negativo, porque os retornos son só temporais, sobre todo no caso dos retornos minoritarios. Estas rexións presentan tamén un potencial de emigración moi elevado. Unha enquisa realizada en Baranja (Croacia oriental) a estudantes de secundaria, mostra que as tres cuartas partes deles teñen a intención de deixar a rexión (Saslin, 2005). Segundo un estudo publicado pola ONU no outono de 2003, preto dun cuarto dos bosnios de 15 a 30 anos desexa abandonar o país de maneira definitiva, o 40% quere traballar temporalmente no estranxeiro, e o 13% quere marchar para estudar unha carreira universitaria (Hofnung, 2004). De entre as motivacións dos candidatos a marchar, mestúranse as clásicas preocupacións ligadas ao desemprego e ao pesimismo que segue ás violencias vividas. En Bosnia poderíase engadir a falla de

confianza no Estado, que se considera dividido en contra de si mesmo. Sen embargo, pódense apreciar algúns signos positivos, como por exemplo en Croacia, onde un estudo de seguimento das relacións sociais na rexión de Okucani mostra que as relacións entre grupos étnicos estanse a normalizar progresivamente, polo que un sociólogo conclúe que o conflito de 1991-1995 non era de natureza interétnica, senón máis ben política (Babic, 2004). Estes progresos pódense observar igualmente en Bosnia, mais non tanto no Kosovo. Nesta rexión, en marzo de 2004, un drama local, o afogamento de dous nenos albaneses, imputado a uns serbios, levou parella una serie de agresións inmediatas contra a poboación serbia restante, co obxectivo de facela fuxir. As forzas da OTAN que estaban presentes no lugar tiveron moitas dificultades para poñerlles freo.

Como conclusión, constátase que a limpeza étnica na ex-Iugoslavia dos anos 90 resultou, na meirande parte dos casos, desfavorable para aqueles que a desencadearon. En Croacia e o Kosovo a proporción de serbios na poboación total reduciuse á metade. En Bosnia Hercegovina os nacionalistas serbios e croatas non foron quen de repartir este Estado para asociar algunhas partes a Serbia e outras a Croacia. Os croatas non puideron obter a creación dunha terceira entidade e a entidade serbia, a Republika Srpska, tivo de abandonar algunhas das súas prerrogativas en favor do goberno central, para que Bosnia puidese negociar un acordo de estabilización e asociación coa Unión Europea, e chegar a ser membro desta. Finalmente, Serbia corre o risco de perder ao Kosovo logo da negociación que comezou a principios de 2006, relativa ao estatuto definitivo que se lle ha de atribuír a esta rexión. Emporiso, mesmo se os seus promotores fracasaron, e aínda que a comunidade internacional defenda o principio de multietnicidade, a limpeza étnica contribúe á homoxeneización nacional da poboación, inscribíndose nun proceso secular que é posible observar en toda a Europa central e oriental. Esta limpeza, xunto cos danos materiais e a destrución dos lazos sociais entre comunidades, e como xeradora de cicatrices psicolóxicas, pode comprometer o futuro demográfico de certas rexións, estimulando o envellecemento, a falla de natalidade, a desertización dos campos e a propensión a emigrar. Nestas rexións feridas e empobrecidas, a restauración das infraestruturas, o desenvolvemento económico e a estabilización da poboación semellan difíciles no contexto dunha globalización liberal que diminúe o poder de intervención dos Estados. O éxito depende tanto da vontade destes, como das axudas internacionais, do restablecemento dos lazos sociais, da resolución dos problemas existentes (fixar o estatuto definitivo do Kosovo, reformar o Estado bosnio para que poida funcionar só) e da integración europea.

Referencias bibliográficas

- BABIC Dragutin, 2004. “Suzivot Hrvata I Srba u prijeratnom, ratnom I poslijeratnom razdoblju – implicitna kritika interpretacije rata u Hrvatskoj kao etnickog sukoba” [A coexistencia de croatas e serbios antes, durante e despois da guerra, crítica implícita da interpretación da guerra en Croacia como conflito étnico], *Migracijske i etnicke teme*, Zagreb, n° 2-3, pp. 187-208.
- BOUGAREL Xavier, 1996. *Bosnie, anatomie d'un conflit*, París, La Découverte, 175 pp.
- DUIJZINGS Gerlachus, 2000. *Religion and the Politics of Identity in Kosovo*, Londres, Hurst & Co, 238 pp.
- HOFNUNG Thomas, 2004. “Pour les jeunes de Bosnie, l’avenir c’est l’exil”, *Libération*, 2 febreiro.
- JAKA Ymer, 2002. “La guerre et les nettoyages ethniques au Kosovo”, in Lepage D. e Kullashi M. (dir.), *Ex-Yugoslavie: une Europe du Sud-Est en construction*, París, L’Harmattan, pp. 61-72.
- KRIEG-PLANQUE Alice, 2003. “*Purification ethnique*”. *Un formule et son histoire*, París, CNRS Editions, 528 pp.
- MISERIC Roko, 2002. “Utjecaj prisilnih migracija na promjenu bioloskog sastava stanovništva – primjer Sisacko-moslavacke zupanije” [Influencia das migracións forçadas no cambio da composición biolóxica da poboación, exemplo do departamento de Sisak-Moslavacka], *Migracijske i etnicke teme*, Zagreb, n° 4, pp. 307-317.
- OURDAN Rémy, 2005. “Paix amère à Sarajevo”, *Le Monde*, 23 novembro, pp. 26-27.
- PENEV Goran, 2004. “Demographic Changes in Serbia 1991-2002”, *Survey Serbia & Montenegro*, vol. XLV, n° 2, pp. 3-20.
- RIOLS Y.-M., 1992. “La Voïvodine atteinte par la purification ethnique”, *Le Monde*, 26 agosto, p. 5.
- ROBIN-HUNTER Laurence, 2005. “Le nettoyage ethnique en Bosnie-Herzégovine: buts atteints ?”, *Revue géographique de l’Est*, XLV, n° 1, pp. 35-43.
- ROUX Michel, 1992. “À propos de la ‘purification ethnique’ en Bosnie-Herzégovine”, *Hérodote*, n° 67, pp. 49-60.
- 1997. “Le calme trompeur du Kosovo”, in Jacques Rupnik (dir.), *Les Balkans. Paysage après la bataille*, Bruxelles, Éditions Complexe, pp. 107-121.
- SASLIN Pavo, 2005. “Demografske perspektive Baranje – rezultati terenskog istraživanja” [Perspectivas demográficas de Baranja, os resultados dun estudo de campo], *Migracijske i etnicke teme*, Zagreb, n° 1-2, pp. 111-121.
- TERTSCH Hermann, 1992. “La guerra territorial en Bosnia toca a su fin”, *El País*, 21 agosto.